



Rúa Roma, 21

15707 – Santiago de Compostela

[anpasgalegas@gmail.com](mailto:anpasgalegas@gmail.com)

[www.anpasgalegas.org](http://www.anpasgalegas.org)

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>

<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

**Tel 600 699 293 - 610 616 968**

## **RAJOY QUÉRENOS ENGANAR**

Onte, 26 de outubro, foi unha exitosa xornada de loita contra as reválidas da LOMCE, e tamén contra a LOMCE no seu conxunto; mobilizámonos as familias, a xuventude, os sindicatos, moitos representantes de partidos políticos, e conseguimos un baleirado case absoluto das aulas de secundaria e bacharelato, demostramos que a sociedade toda, e o estudantado e as súas familias especificamente, non queremos ningún tipo de reválidas, e ademais esiximos a paralización e posterior derogación da LOMCE.

Hoxe, no debate de investidura, o candidato á presidencia do goberno polo Partido Popular, dixo que “as reválidas non terán efectos académicos ata que non se chegue ao pacto nacional pola educación que propuxen onte”.

Ese anuncio do candidato é evidentemente unha consecuencia inmediata da forte mobilización cidadá, iso sabémolo; pero tamén sabemos que non é a resposta que queremos, nin a razón pola que saímos onte ás rúas a reclamar o que levamos moitos anos reclamando: un Ensino Público sen LOMCE.

A paralización da validez académica das reválidas, que na práctica inmediata se limita á de 2º de Bacharelato, porque a de 4º da ESO xa non tiña esa validez este curso, simplemente é unha pequenísima concesión que tenta tapar a enorme magnitude da protesta social, que leva anos reclamando o mesmo que imos continuar esixindo:

- Que non haxa ningún tipo de reválida, nin proba de avaliación.
- Que se derroge a LOMCE e todo o que a LOMCE trouxo consigo.

Por moito que as reválidas sexan a primeira preocupación, polo seu efecto devastador e pola súa inmediatez; o que realmente nos preocupa ás familias é a existencia dunha Lei educativa que aposta pola falta de atención ao alumnado con necesidades especiais, tanto conxunturais como puntuais; unha Lei que pretende solucionar o abandono escolar dun xeito estatístico, eliminando das contabilidade do Ensino obrigatorio a todos os que non poidan seguir o ritmo do que o lexislador considera idóneo; unha Lei confesional, que pretende incrementar a presenza da relixión na vida dos nosos mozos e mozas; unha Lei centralizadora, que recupera valores que esta sociedade ten pacificamente superados hai varias décadas; unha Lei, en definitiva, que non é para o beneficio de todos e todas, senón para a consolidación das vantaxes económicas dunha minoría.

As familias non imos deixarnos enganar por unha oferta cativa, que só pretende tapar os ecos da protesta educativa máis longa da nosa historia. Alegrámonos de que o risco máis inminente desapareza, pero non imos



Rúa Roma, 21

15707 – Santiago de Compostela

[anpasgalegas@gmail.com](mailto:anpasgalegas@gmail.com)

[www.anpasgalegas.org](http://www.anpasgalegas.org)

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>

<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

**Tel 600 699 293 - 610 616 968**

parar de demandar, con todos os nosos medios e forzas, que desapareza a LOMCE, e todo o seu ideario e efectos; e que se normalice a realidade educativa cunha norma estable, inclusiva, e defensora do Ensino Público de tod@s e para tod@s.